

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 26 de xaneiro de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 29 de xaneiro de 2016.

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de decembro de 2015.
 - 2.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios no parque de bombeiros da Deputación do Polígono de San Cibrao das Viñas.
 - 3.- Expediente de modificación orzamentaria por suplemento de crédito e crédito extraordinario n.º 1/2016.
 - 4.- Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e rede viaria provincial 2016.
 - 5.- Programa de cooperación en materia de empregabilidade 2016.
 - 6.- Programa de cooperación en materia de mocidade 2016.
 - 7.- Moción do Grupo Socialista sobre o uso da estación de Campobeceros ao abeiro do programa Estacións do INORDE.
 - 8.- Moción do BNG sobre o ERE que está levando a cabo a empresa pública TRAGSA.
 - 9.- Proposta de declaración de caducidade do expediente de resolución do contrato administrativo especial para a prestación do servizo de Escola de Equitación de Vilamarín e incoación dun novo expediente de resolución do contrato.
 - 10.- Moción do Grupo Socialista sobre a creación dunha Axencia Provincial de Enerxía.
 - 11.- Moción de Democracia Ourensana relativa ao establecemento dun convenio de colaboración entre a Deputación de Ourense e o Concello de Ourense para acordar un conxunto de actuacións da Real Banda de Gaitas da Deputación en eventos organizados polo Concello de Ourense.
 - 12.- Moción de Democracia Ourensana relativa á ampliación e fixación de criterios do Observatorio Económico Ourensán.
 - 13.- Mocións de urxencia.
- Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**
- 14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de decembro de 2015 e 3º adicional de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2015.

- Deputado delegado de Facenda: mes de decembro de 2015 e 3º adicional de setembro, 2º de outubro e 1º de novembro de 2015.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de decembro de 2015.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de decembro de 2015 e 1º adicional de novembro de 2015.
- Deputados que teñen delegada a presidencia de comisións informativas: do 11 de setembro de 2015 ata o 18 de xaneiro de 2016.

15 .- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,